



Xosé Luís Méndez Ferrín
O Curro de Morgadás

*Homes e sombras que regresan corren a
as greas contra o circuito final das certidumes.
Noto que o meu cabalo colludo vai abrir nas illargas
asas negras de frémito e loucura.
Os pitos de ouro coa súa galiña
espreitan desde o too a cerimonia.
Cheira a sempre.*

*¡Oh cabalo cativo, torga ruin, can de palleiro,
espello no que se mira a nosa caste!*

*Por millentos anos este estrondo de cascós
nas cortes vellas da lembranza...*

*¿Será ceais o curro
todo o que desa Patria sobreviva no mundo?*